



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D. Manuel Castro Uzal  
D. Raúl Varela Fraguio

### **NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

### **INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e nove minutos do día trece de novembro do ano dous mil vinte e cinco, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos Sres. concelleiros D. Rubén Vázquez Pérez, don Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, e o Sr. concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

## **ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DA OBRA "PAVILLÓN MUNICIPAL DO GRAXAL (O TEMPLE- CAMBRE) REPARACIÓN URXENTE DE DESPRENDEMENTOS (ZONA BAIXO LUCERNARIOS)". EXPEDIENTE NÚM. 2025/C002/000032**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de novembro de 2025 (CVD: LHiy86SD8OJdKfA+GoNP), que transcrita di:

### **«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Vista a memoria técnica valorada de data 11 de outubro de 2025 redactada polo arquitecto colaborador do concello de Cambre en virtude do convenio de colaboración interadministrativa formalizado en data 6 de outubro de 2025, máis o informe técnico de necesidade e memoria xustificativa emitidas polo mesmos en data 22 de outubro de 2025 (CVD: nX39pn7gHCBabnCQXkg2) para a contratación da obra denominada "PAVILLÓN MUNICIPAL DO GRAXAL (O TEMPLE- CAMBRE) REPARACIÓN URXENTE DE DESPRENDEMENTOS (ZONA BAIXO LUCERNARIOS)" (expediente TEDeC 2025/C002/000032).



Visto o informe emitido do Xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior en data 12 de novembro de 2025 (CVD: D+JCxTNpyVFCJb8/Nvhn) no que se expuxo: "(...)En relación coa contratación das obras indicadas emítase o seguinte INFORME:

Con data 22 de outubro de 2025 emítase polo arquitecto Antonio Rodríguez, técnico colaborador do Concello de Cambre por convenio de colaboración interadministrativa co Concello de Cedeira, informe técnico de necesidade e memoria xustificativa das obras para a reparación urxente dos desprendimentos da cuberta do pavillón de O Graxal localizados nas viguetas de hormigón de dita cuberta.

En dito informe indícase que se trata dunha actuación mínima e imprescindible para garantir a seguridade por risco de desprendemento, sinalando, a súa vez, o contrato menor como o tipo de contrato a seguir.

Igualmente indícase en dito informe a "Inexistencia de fraccionamiento indebido: as actuacións son inseparables para eliminar o risco".

Logo de ver dito informe, e conforme ao mesmo, infórmase que os traballos de reparación urxente dos desprendimentos do pavillón municipal de O Graxal a contratar antes referidos non alteran o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.(...)"

Vista a Providencia do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento Económico (CVD: uOUwyZ3sRJwY1C40UJQO) de data 13 de outubro de 2025 na que, entre outras cousas, se sinala "...a necesidade de realizar actuacións urxentes e mínimas necesarias para eliminar o risco por desprendementos puntuais de recubrimento de hormigón nas viguetas da cuberta do pavillón (...)" SOLICÍTASE: aos servizos de Intervención do Concello a realización das operacións presupuestarias precisas para dotar crédito (...)"

Visto que consta no expediente o documento RC por importe de 27.844,79 euros asinado polo interventor accidental en data 27 de outubro de 2025.

Visto o informe emitido pola técnico de xestión da administración xeral interina co conforme da secretaria xeral, de data 30 de outubro de 2025 (CVD: S/JZUpaOM3NShe8sQfiJ) polo que se informa desfavorablemente á contratación como contrato menor polos motivos nel expostos.

Visto que por Providencia do concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de outubro de 2025 (CVD: 1/olr4nKnBnJKq6msg/6) pola que se dispuxo a publicación no Perfil do contratante do Concello do anuncio do contrato menor do presente expediente por prazo de tres días hábiles desde a referida publicación para a presentación de ofertas coa publicación asimesmo da memoria técnica valorada, anexos e criterios de adxudicación que constan no expediente.

Vista a única oferta presentada en data 4 de novembro de 2025 pola entidade mercantil "Pinturas Asgón, S.L" con CIF B70669395, sendo o prezo ofertado o seguinte:

- A) Prezo sen IVE 22.997,47 €
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 % 4.829,46 euros
- C) TOTAL (A+B) 27.826,93.- euros

Vista a documentación requirida e presentada pola licitadora.

Visto o informe de intervención de data 12 de novembro de 2025 (CVD: 4pJDRXfot7Ho16QqFmZL ), no que expón:

"(...)"

#### **INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE**

**PRIMEIRO.-** De acordo cos datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano **2025** esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de 27.844,79 € para o obxecto denominado "**RC reparación urxente de desprendementos (zona baixo lucernarios) no Pavillón municipal doGraxal**". O crédito en cuestión se atopa na fase contable **RC** cós números de operación e números de referencia sinalados nos antecedentes deste informe.

**SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento 2024 do Concello de Cambre dispón: "(...) 2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas: (...) Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a



contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal. (...)"

No expediente 2025/C002/000032 consta documento denominado PROPUESTA E INFORME DE NECESIDAD - OBRA, asinado o 22.10.2025 polo arquitecto Antonio Rodríguez Fabello, técnico colaborador do Concello de Cambre, en virtude do convenio de colaboración interadministrativa formalizado en data 6 de outubro de 2025. (CVD: nX39pn7gHCBabnCQXkg2) nos seguintes termos: (\* o subliñado é propio) nX39pn7gHCBabnCQXkg2

"(...)1. OBXECTO E NECESIDADE PÚBLICA Este documento contén o informe técnico de necesidade e a memoria xustificativa que ten por obxecto xustificar a contratación das obras de reparación urxente dos desprendementos localizados nas viguetas de formigón da cuberta do Pavillón Polideportivo Cuberto O Graxal (Cambre). Actuación mínima e imprescindible para garantir a seguridade por risco de desprendemento nas viguetas de formigón baixo os lucernarios do pavillón. 2. TIPOLOXÍA, PROCEDIMENTO, MEDIOS E NON FRACCIONAMENTO - Tipo de contrato: Obras. - Procedemento: Contrato menor de obras por prezos unitarios (medición a resultas), segundo arts. 118 e 102 LCSP. - Inexistencia de fraccionamento indebido: As actuacións son inseparables para eliminar o risco. - Imposibilidade de execución con medios propios municipais: O Concello non dispón de persoal nin medios cualificados (PEMP interior e reparación estrutural) para executar os traballos con medios propios. (.../...)"

A xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación obtivo a conformidade do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, tal como conclúe no informe emitido con data do 11 de novembro de 2025 (CVD D+JCxTNpyVFCJb8/Nvhn).

(...)"

Visto o informe emitido pola técnica de xestión da administración xeral interina co conforme da secretaria xeral, de data 12 de novembro de 2025 (CVD: 7GyNjkgJPCmLxbLrcKIX), no que se informa desfavorablemente á contratación como contrato menor polos motivos nel expostos.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Autorizar o gasto por importe de vinte e sete mil oitocentos vinte e seis euros con noventa e tres céntimos (27.826,93€) con cargo á partida 342 61900 do orzamento en vigor.

**Segundo.-** Adxudicar o contrato menor da obra "Pavillón municipal do Graxal (O Temple- Cambre) reparación urxente de desprendementos (zona baixo lucernarios) a entidade mercantil "Pinturas Asgón, S.L" con CIF B70669395 no prezo de 27.826,93.- euros (IVE incluído).

**Terceiro.-** Designar responsable do contrato ao arquitecto don Antonio Rodríguez Fabello, técnico colaborador do Concello de Cambre, en virtude do convenio de colaboración interadministrativa formalizado en data 6 de outubro de 2025 quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto.-** Notificar o acordo ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, con incorporación da correspondente factura, unha vez conformada polo responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TDeC, á intervención municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos e ó responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar este acordo nos termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente proposta pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de novembro de 2025 (CVD: LHiy86SD8OJdKfA+GoNP), resultando aprobada por unanimidade dos/a Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo